



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2016/17
Subject (*)	Prácticum	Code	620G01040	
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	Yearly	Fourth	Obligatoria	12
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Educación Física e Deportiva			
Coordinador	Castillo Obeso, Maria del	E-mail	maria.castillo@udc.es	
Lecturers	Alsina Santasusana, Maria del Carmen Arda Suarez, Antonio Areces Gayo, Alberto Arias Rodríguez, Pablo Barral Lavandeira, Jose R. Blanco Pereira, Eduardo Bobo Arce, Marta Camiña Fernandez, Francisco Carrera Lopez, Celso Carlos Castillo Obeso, Maria del Dopico Calvo, Xurxo Fernandez Del Olmo, Miguel Angel Fernandez Romero, Juan Jose Gambau i Pinasa, Vicente Giraldez Garcia, Manuel Avelino Gomez Varela, Joaquin Gonzalez Valeiro, Miguel Angel Hornillos Baz, Isidoro Iglesias Soler, Eliseo López Villar, Cristina Martin Acero, Rafael Morenilla Burlo, Luis Palacios Aguilar, Jose Pombo Fernandez, Manuel Jose Ripoll Alberti, Antonio Rivas Feal, Antonio Romero Nieves, Jose Luis Saavedra Garcia, Miguel angel Sanchez Molina, Jose Andres Santiago Alonso, Miguel Sierra Palmeiro, Elena Toja Reboredo, Maria Belen Torres Tobio, Gabriel Tuimil Lopez, Jose Luis Vales Vazquez, angel Valverde Romera, Joaquina Vazquez Lazo, Juan Carlos	E-mail	m.alsina@udc.es antonio.arda@udc.es a.areces@udc.es pablo.arias.rodriquez@udc.es j.r.barral@udc.es eduardo.blanco.pereira@udc.es marta.bobo@udc.es frco.camina@udc.es celso.carrera@udc.es maria.castillo@udc.es xurxo.dopico@udc.es miguel.delolmo@udc.es juan.jose.fernandez@udc.es vicente.gambau@udc.es manuel.avelino.giraldez.garcia@udc.es joaquin.gomez.varela@udc.es miguel.gonzalez.valeiro@udc.es isidoro.baz@udc.es eliseo.iglesias.soler@udc.es cristina.lopezv@udc.es rafael.martin@udc.es luis.morenilla@udc.es jose.palacios@udc.es manuel.pombo@udc.es antonio.ripoll@udc.es antonio.rivas@udc.es j.l.romero@udc.es miguel.saavedra@udc.es jose.andres.sanchez.molina@udc.es miguel.santiago@udc.es elena.sierra@udc.es belen.toja@udc.es gabriel.torres@udc.es jose.luis.tuimil@udc.es angel.vales@udc.es joaquina.valverde@udc.es juan.lazo@udc.es	
Web				



General description	Conxunto integrado de prácticas externas en ensino de educación física, adestramento deportivo, actividade física saudable e dirección e xestión deportiva. Aspectos éticos e deontolóxicos (a práctica profesional como servizo).
----------------------------	--

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A1	Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva.
A2	Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres.
A3	Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados.
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A6	Deseñar e ordenar estratexias e espazos de aprendizaxe que respondan á diversidade social (sexo, xénero, idade, discapacidade, culturas?) e ao respecto dos dereitos que conforman os valores que aporta a educación física e deportiva á formación integral dos cidadáns.
A7	Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino e aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A12	Avaliar e elaborar instrumentos de recollida de datos que atendan aos aprendizaxes do alumno, ao proceso de ensino en sí e á función del docente.
A13	Identificar as principais tarefas do profesor de educación física dentro e fóra da aula, resaltando as que fan referencia á súa labor tutorial, orientadora e departamental.
A14	Deseñar, planificar, avaliar técnico-cientificamente e desenvolver programas de exercicios orientados á prevención, a reeducación, a recuperación e readaptación funcional nos diferentes ámbitos de intervención: educativo, deportivo e de calidade de vida, considerando, cando fose necesario as diferenzas por idade, xénero, ou discapacidade.
A15	Coñecer, saber seleccionar e saber aplicar as técnicas de modificación de conduta que pode utilizar o profesional de Educación Física e Deportes nos diferentes ámbitos da súa competencia laboral.
A16	Deseñar, programar e desenvolver actividades esenciais da motricidade humana: o xogo, a danza e a expresión corporal, o exercicio e as actividades no medio natural, no ámbito educativo, recreativo e da actividade física e saúde, promovendo a igualdade de dereitos e oportunidades e evitando a exclusión en función do xénero e a discapacidade.
A17	Programar e desenvolver actividades físico-deportivas no medio natural, no contexto educativo e recreativo, favorecendo a participación á que todos teñen dereito e evitando a invisibilidade por razóns de xénero ou discapacidade.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A19	Planificar, desenvolver, controlar e avaliar técnica e cientificamente o proceso de adestramento deportivo nos seus distintos niveis e nas diferentes etapas da vida deportiva, de equipos con miras á competición, tendo en conta as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero na actuación do adestrador e nos deportistas.
A20	Deseñar, planificar e realizar funcións de animación para a utilización saudable do lecer.



A21	Deseñar, planificar e realizar actividades físicas e deportivas en lugares ou espazos que implican un risco intrínseco: no medio acuático, na neve ou outros do medio natural ou con animais.
A22	Comprender os fundamentos neurofisiolóxicos e neuropsicolóxicos subxacentes ao control do movemento e, de ser o caso, ás diferenzas por xénero. Ser capaz de realizar a aplicación avanzada do control motor na actividade física e o deporte.
A23	Avaliar técnica e cientificamente a condición física e prescribir exercicios físicos nos ámbitos da saúde, o deporte escolar, a recreación e o rendemento deportivo, considerando as diferenzas biolóxicas por idade e xénero.
A24	Deseñar, planificar, avaliar técnica e cientificamente e administrar programas de actividade física adaptada a persoas e diferentes grupos de poboación con discapacidade, ou que requiran atención especial.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.
A28	Realizar e interpretar probas de valoración funcional nos ámbitos da actividade física saudables e do rendemento deportivo.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A30	Aplicar técnicas e protocolos que lle permitan asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, aplicando, de ser necesario, os primeiros auxilios.
A31	Realizar a análise funcional da conduta nos contextos deportivos, educativos ou de exercicio físico para a saúde, como paso previo á intervención psicolóxica.
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
A35	Coñecer e saber aplicar o método científico nos diferentes ámbitos da actividade física e o deporte, así como saber deseñar e executar as técnicas de investigación precisas, e a elección e aplicación dos estatísticos adecuados.
A36	Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B8	Desenvolver hábitos de excelencia e calidade nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B9	Comprender a literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte en lingua inglesa e en outras linguas de presenza significativa no ámbito científico.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B13	Coñecer e aplicar metodoloxías de investigación que faciliten a análise, a reflexión e cambio da súa práctica profesional, posibilitando a súa formación permanente.



B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B15	Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?).
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B18	Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results
-------------------	---------------------------------------



<p>Vivenciar situacións profesionais reais, que faga consciente ao alumno dos seus puntos débiles e fortes para recoñecer e mellorar as propias aptitudes, actitudes e competencias persoais; así como reorganizar marcos de referencia que lle sirvan para entender mellor os conceptos e contidos estudados durante a carreira.</p>	<p>A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33</p>	<p>B3 B4 B5 B6 B7 B8 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20</p>	<p>C4 C5 C7</p>
<p>Comprender problemas substanciais das ciencias da actividade física e o deporte e propor hipótese para deseñar a estratexia empírica para a súa demostración teórica, que levaría á mellor resolución dos problemas identificados</p>	<p>A1 A2 A3 A4 A35 A36</p>	<p>B1 B2 B7 B9 B10 B11 B13</p>	<p>C1 C2 C3 C5 C6 C8</p>
<p>Dotar ao alumno de mecanismos de reflexión y de control sobre a calidade da súa intervención profesional</p>	<p>A12 A19 A34</p>	<p>B1 B3 B4 B6 B8 B9</p>	<p>C1 C6 C7 C8</p>
<p>Saber interpretar e utilizar a terminoloxía específica en lingua inglesa relacionada coa tecnoloxía, a información e a estatística aplicada á actividade física e o deporte: táboas de datos, gráficas, diagramas, procedementos, protocolos</p>	<p>A35 A36</p>	<p>B1 B7 B9 B10 B13</p>	<p>C2 C3 C8</p>

Contents	
Topic	Sub-topic



O diario como elemento de reflexión en, sobre e para a práctica.	- Tipos de diario - Usos do diario
O portafolio: documento final que se vai elaborando e que recolle a narrativa da experiencia de prácticas desenvolvida e analizada.	- Estructura do portafolio - Documentos oficiais a presentar
-Fases de desenvolvemento do Practicum	-Fase de preparación do proxecto formativo: Elaboración e aplicación de técnicas de recollida de información(planillas, sistemas de categorías, anecdotarios,?) para a contextualización e preparación da intervención. - Fase de intervención: Elaboración e aplicación do proxecto formativo recollendo o programado sempre acompañado dunha análise reflexiva post-intervención. - Fase de valoración final: Análise das prácticas e do Practicum.
- Complementos de formación específicos (coa intención de buscar unha complementariedade entre a formación académica do grao e o ámbito específico profesional)	Bibliografía e bases de datos, elaboración dun deseño de investigación, planificación didáctica, planificación deportiva , programas de intervención para poboacións específicas, organización de proxectos de xestión e lecer.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A8 A10 A11 A14 A19 A20 A24 A35 B3 B4 B5 B12 B14 B15 B19 C7	25	25	50
Clinical practice placement	A12 A13 A26 A28 A34 B3 B7 B8 B10 B12 B19 C3 C8	20	0	20
Field trip	A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20 C4 C5 C6 C7	90	30	120
Student portfolio	A35 A36 B1 B7 B9 B10 B13 C1 C2 C3	0	50	50
Directed discussion	B3 B4 B5 B8 B12 B19 B20 C4 C6 C7	15	15	30
Document analysis	A2 A1 A3 A4 A10 B7 B9 B10 B14 C2 C3 C6 C7	5	20	25
Personalized attention		5	0	5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Presentarase cada un dos pasos a seguir na realización do Practicum
Clinical practice placement	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma. Correspóndese ca segunda fase de realización de Practicum: Observación e análise da realidade sobre a que o alumno fará as prácticas. Esta fase finaliza ca presentación do Plan de Prácticas
Field trip	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc. Correspóndese ca terceira fase da materia: A realización das prácticas
Student portfolio	É un documento individual, digital e/ou en papel individual ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno/a nun período de tempo. o que lle permite visualizar o seu progreso . O portafolios inclúe todo o que fai o alumno/a (actividades individuais ou grupais), como: guía da materia, apuntes ou notas de clases, documentos (normativa, reglamentos, lexislación, ...), contextualización, síntesis das reunións, obsetrvacións, ...),saidas de campo (unidades didácticas, sesións, plans de xestión,...) das sesións de aprendizaxe colaborativa, un deseño dunha hipotética investigación a realizar no ámbito das prácticas e unha valoración da materia, do profesorado e das actividades realizadas. Nun sobre pechado engadirase a avaliación do titor/a e a certificación das horas realizadas. Igualmente deberá presentar, obrigatoriamente, un diario do realizado na materia dacordo as indicacións que recibirán do profesorado da mesma. Si fora imprescindible incluíranse outra documentación dentro do apartado de Anexos.
Directed discussion	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. Pódese dar ao longo do proceso
Document analysis	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. O alumno deberá recoller e analizar a lexislación e regulamentación que afecta o desenvolvemento da profesión na que está a realizar as prácticas. Todalas fontes documentais utilizadas deberán referenciarse no portafolios.

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Guest lecture / keynote speech	As actividades reflexadas son aquelas que demandan a asistencia do alumno/a as titorías. Nesta materia contemplanse 3 tipos diferentes de titorías:
Clinical practice placement	- En pequeno grupo e gran grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse a indicación do profesorado para revisar actividades que teñana que ver co contido da materia
Field trip	- Tutorías individualizadas utilizando a plataforma moodle.
Student portfolio	- Tutorías personales/grupales no despacho do profesorado.
Document analysis	O alumno/a en prácticas terá a súa disposición catro persoas as que poderá acudir: - As profesoras responsables do Practicum - O titor/a da Facultade (académico) - O titor/a do centro de prácticas (profesional)

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Student portfolio	A35 A36 B1 B7 B9 B10 B13 C1 C2 C3	Este documento representará o total da cualificación final do alumno.	100

Assessment comments



- Non se contempla a realización de examen.
- Se o estudante incumple o acordado mediante o Proxecto Formativo co centro de prácticas, a súa calificación será suspenso.
- O traballo práctico consistirá na elaboración dun Portafolio, segundo as condicións detalladas no programa da materia.
- O seguimento das sesións formativas é obrigatoria, debéndose cumprir o 70% de asistencia ás mesmas para considerar que o estudante está a realizar o seu Practicum.
- Se o estudante realiza o practicum fora de Galicia, ou fixo matrícula parcial, deberá realizar as sesións formativas de forma intensiva en setembro, pactadas antes cos responsables da asignatura.
- Manter reunións de seguimento co/a titor/a académico/a (polo menos 5 anuais) é requisito imprescindible ao estar definidas como prácticas de intervención real e tutorizadas.
- O estudante entregará ás Profesoras Coordinadoras de Practicum o seu Proxecto Formativo (data límite 7 de novembro). A entrega realizarase persoalmente ás Profesoras Coordinadoras de Practicum utilizando o formulario creado para ese efecto dispoñible en <https://www.udc.es/practicasexternas/formularios/>><https://www.udc.es/practicasexternas/formulario>
- Se este Proxecto Formativo non se entrega na data citada anteriormente, o estudante non está autorizado a realizar as prácticas (se non se xustifica o motivo do atraso).
- E condición imprescindible facer un mínimo de 10 horas de observación e 70 horas de intervención tutorizadas no centro de prácticas. Se o estudante non cumpre con este número de horas non poderá superar a avaliación.
- O finalizar as prácticas, o/a titor/a profesional deberá asinar as follas de control de permanencia no centro (Anexo 2) e cubrir o informe evaluativo sobre o estudante dispoñible en <https://www.udc.es/practicasexternas/formularios/>><https://www.udc.es/practicasexternas/formulario>
- O Portafolio será entregado ao/a titor/a académico/a para a elaboración do seu informe avaliador antes das seguintes datas:
 - Convocatoria de Xuño: hasta el día 15 de maio de 2017
 - Convocatoria de Xullo: hasta el día 1 de xullo de 2017
- Unha vez corrixido e realizado o informe o/a titor/a académico/a devolveralles o Portafolios.
Os estudantes entregarán o portafolio á profesora Belén Toja na sala de xuntas do pazo, de 10:00 a 13:00 h.
 - Convocatoria de xuño: el día 25 de maio de 2017
 - Convocatoria de xullo: el día 11 de xullo de 2017.
- O titor/a académico/a entregará directamente á Profesora María Castillo o informe de avaliación dos seus estudantes antes do día 25 de maio de 2017 para a convocatoria de Xuño e antes do 11 de xullo para a convocatoria de xullo.
- No caso de que o estudante non entregue o portafolio nas convocatorias do curso 16-17 (xunio, xullo), pero as prácticas se fixeran seguindo o proxecto formativo, se recibe unha valoración positiva do/a titor/a profesional e mantivo as reunións establecidas con titor/a académico/a durante a realización das mesmas, se lle gardarán ditas prácticas para seguintes convocatorias pendente de entregar o portafolio.
- O portafolio podese facer en galego ou castelán.



Sources of information

Basic	A Bibliografía a utilizar nesta materia, será a recomendada nas materias do ámbito específico en que cada estudante realiza a s súas prácticas. Atoparásese material complementario e moodel.
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Preferentemente, os estudantes deberían cursar esta materia no momento en que superen as materias dos tres primeiros cursos do grado polas demandas de coñecementos conceptuais e procedimentais que demanda o Practicum así como pola adicación horaria que esixe. Esta guía informatizada, estará acompañada doutro documento a modo de programa onde se definen todos os elementos didácticos da materia (temporalización, obxectivos, funcións, contido pormenorizado do portafolios,...) que se entregará ao alumnado na presentación da materia.

En Moodel irase colgado toda a información necesaria e as rúbricas.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.